

Se aínda así a suma de subvencións supón unha intensidade da axuda superior aos máximos establecidos neste real decreto ou na normativa estatal ou comunitaria aplicable, reducirase ata o citado límite.

Artigo 15. *Deber de información.*

As comunidades autónomas remitiranlle anualmente ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, no primeiro trimestre de cada exercicio, os datos relativos ás axudas concedidas o ano anterior.

Artigo 16. *Xustificación do cumprimento.*

Os beneficiarios das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas e a aplicación dos fondos percibidos, mediante a presentación da documentación xustificativa correspondente, no prazo e a forma que determine a autoridade que as outorgou.

Artigo 17. *Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Así mesmo, a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais cando o importe total das axudas percibidas por cada beneficiario supere os máximos previstos neste real decreto ou na normativa estatal ou comunitaria aplicable, dará lugar á redución proporcional que corresponda no importe das subvencións reguladas neste real decreto, ata respectar o devandito límite.

Artigo 18. *Incumprimento e reintegro.*

1. O incumprimento dos requisitos exixidos para a concesión da subvención, con independencia doutras responsabilidades en que puidese incurrir o beneficiario, dará lugar á perda do dereito á subvención concedida, coa obriga de reembolsar as cantidades, se é o caso, percibidas, incrementadas cos xuros de demora legais.

2. Así mesmo, procederá o reintegro das cantidades percibidas, así como a exixencia do xuro de demora desde o momento do pagamento da subvención, nos demais supostos previstos no artigo 37.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Normativa supletoria.*

En todo o previsto neste real decreto será de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de desenvolvemento e modificación.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para ditar, no ámbito das súas competencias, as medidas precisas para a aplicación e cumprimento deste real decreto, así como para modificar o prazo máximo de presentación das solicitudes previsto no artigo 12.1.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de outubro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA

17675 *REAL DECRETO 1225/2005, do 13 de outubro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión das subvencións ás organizacións interprofesionais agroalimentarias.* («BOE» 257, do 27-10-2005.)

O Real decreto 1417/2004, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, atribúelle á Dirección Xeral de Industria Agroalimentaria e Alimentación, entre outras funcións, o desenvolvemento das liñas directrices da política de vertebración sectorial no ámbito agroalimentario.

As organizacións interprofesionais agroalimentarias son ferramentas esenciais na articulación vertical do sector agroalimentario. Desde a promulgación da Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias, diversos sectores estruturáronse arredor destas organizacións de natureza privada, carácter representativo e carentes de ánimo de lucro, que desempeñan unha importante función de coordinación e colaboración entre os distintos axentes económicos implicados no sistema agroalimentario.

O Real decreto 705/1997, do 16 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias, establece no seu artigo 2 que estas organizacións poderán ser beneficiarias das axudas e subvencións públicas que se establezan, co fin de promover o seu funcionamento e a realización das finalidades para que se constituíron.

O Real decreto 1789/1997, do 1 de decembro, polo que se establecen axudas ás organizacións interprofesionais agroalimentarias, desempeñou un destacado papel na política de fomento da constitución e funcionamento das ditadas organizacións e presenta un balance moi satisfactorio ao longo dos seus oito anos de vixencia. Porén, unha vez superada esta primeira fase de implantación do modelo interprofesional, cómpre abordar unha segunda etapa de consolidación e impulso que precisa un novo marco xurídico que regule as subvencións ás organizacións interprofesionais.

Este real decreto, que derroga a anterior normativa establecida no Real decreto 1789/1997, do 1 de decembro, pretende potenciar a constitución e o funcionamento das organizacións interprofesionais agroalimentarias a través da creación de subvencións específicas que impulsen as súas actividades en consonancia coas novas orientacións, exixencias e dinámica dos mercados.

Mantén as subvencións ao funcionamento e desenvolvemento das organizacións interprofesionais, á vez que incorpora a experiencia de anos anteriores, corrixe os problemas detectados, emenda omisións concretas na regulación dalgúns aspectos das axudas e actualiza as súas contías, que permaneceron inalterables desde 1997.

Por outra parte, o fomento das organizacións interprofesionais exixe facilitar o cumprimento das finalidades

para que se constitúen, para o cal se optou pola implantación de subvencións para a realización de campañas de información e promoción, incluída a creación da súa imaxe externa, elaboración de estudos, dotación de sistemas informáticos de recolla, tratamento e transmisión de datos e o equipamento e instalación de laboratorios de control.

Así mesmo, con obxecto de consolidar e impulsar cualitativamente as actividades das organizacións interprofesionais xa implantadas, e posibilitar así a ampliación substancial das súas posibilidades de actuación, considérase conveniente abordar o financiamento dos gastos de execución de plans marco específicos destinados aos seguintes fins: presentación de plans estratéxicos para o sector, deseño e implantación de sistemas de mellora da calidade e da seguridade dos procesos que interveñen na cadea agroalimentaria, elaboración e aplicación de sistemas de rastrexabilidade, certificación, acreditación e deseño de plans e sistemas de seguimento para o coñecemento dos mercados.

A norma proxectada axústase á doutrina do Tribunal Constitucional sobre o exercicio polo Estado da potestade subvencional.

A xestión das axudas levaraa a cabo o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ao se tratar de subvencións destinadas a organizacións interprofesionais agroalimentarias cuxo ámbito de actuación se estende a todo o territorio do Estado ou é superior ao dunha comunidade autónoma, para asegurar a súa plena efectividade e garantir iguais posibilidades de obtención e desfrute por parte dos seus potenciais destinatarios.

Por último, débese indicar a necesaria adecuación do réxime regulador das axudas ao marco normativo establecido pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica do artigo 149.1.13.^a da Constitución.

Na súa elaboración foron consultadas as comunidades autónomas, así como as entidades representativas do sector afectado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de outubro de 2005,

DISPÓN O:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer as bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, ás organizacións interprofesionais agroalimentarias destinadas a facilitar o seu funcionamento e o cumprimento das finalidades que lles son propias.

Artigo 2. *Beneficiarios.*

Poderán ser beneficiarios das axudas que se establecen neste real decreto as organizacións interprofesionais agroalimentarias legalmente constituídas e recoñecidas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, ao abeiro do disposto na Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias, e demais disposicións que a desenvolven.

Artigo 3. *Finalidade das axudas.*

Poderanse conceder axudas para as seguintes finalidades:

a) Gastos anuais de funcionamento das organizacións interprofesionais agroalimentarias, considerándose como tales os seguintes:

1.º Gastos administrativos, que inclúen os seguintes: soldos e salarios do persoal administrativo e técnico, seguridade social a cargo da organización interprofesional, formación, transporte, seguros de vida, accidente ou responsabilidade civil a favor do persoal contratado laboralmente e as retribucións do persoal contratado en arrendamento de servizos. Exclúense expresamente os gastos por indemnizacións de despedimento, procedente ou improcedente, do persoal.

2.º Axudas de custo e gastos de viaxes do persoal propio e dos compoñentes da xunta directiva destas organizacións, no exercicio das súas funcións, como máximo na contía establecida para o grupo 2 no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

3.º Arrendamentos e canons.

4.º Reparacións e conservación.

5.º Material de oficina.

6.º Subministracións.

7.º Comunicacións e portes.

8.º Asesoramento externo no ámbito técnico, xurídico, contable, fiscal e laboral e gastos de auditoría de contas. Só se subvencionarán os gastos de asesoramento externo que non excedan o 25 por cento do orzamento total de gastos de funcionamento presentado.

b) Gastos anuais de xerencia, destinados á contratación laboral de xerente, ou cargo asimilado, das organizacións interprofesionais agroalimentarias. Comprende os gastos de soldos e seguridade social, así como axudas de custo e gastos de viaxe, no exercicio das súas funcións, como máximo na contía establecida, para o grupo 2, no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, como indemnizacións por razón do servizo para o persoal ao servizo da Administración xeral do Estado, excluíndose os gastos de indemnización por despedimento.

c) Desenvolvemento das funcións das organizacións interprofesionais agroalimentarias a través das seguintes accións:

1.^a Realización de campañas de información e promoción do produto ou sector obxecto das organizacións, así como a creación da súa imaxe externa.

2.^a Elaboración de estudos referidos a algunhas das finalidades das organizacións interprofesionais agroalimentarias solicitantes.

3.^a Dotación, organización e posta en marcha de sistemas informáticos de recolla, tratamento e transmisión de datos.

4.^a Equipamento e instalación de laboratorios de control.

d) Gastos de execución de plans marco específicos para o impulso e desenvolvemento da actividade interprofesional, destinados aos seguintes fins:

1.º Presentación de plans estratéxicos para o sector.

2.º Deseño e implantación de plans ou sistemas de mellora da calidade e da seguridade dos procesos que interveñen na cadea agroalimentaria.

3.º Elaboración e aplicación de plans ou sistemas de rastrexabilidade, certificación e/ou acreditación.

4.º Deseño de plans e sistemas de seguimento para o coñecemento dos mercados.

Artigo 4. *Contía e límites das axudas.*

1. As organizacións interprofesionais agroalimentarias poderán recibir axudas para os gastos de funcionamento durante os catro primeiros anos de actividade. As

axudas para gastos de funcionamento terán as seguintes contías e límites:

a) O importe máximo das axudas para gastos de funcionamento poderá ser de ata o 60 por cento, 50 por cento, 40 por cento e 30 por cento do orzamento de gastos presentado, nos anos primeiro, segundo, terceiro e cuarto, respectivamente, desde o seu recoñecemento polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e inscrición no Rexistro de organizacións interprofesionais agroalimentarias.

b) As subvencións de gastos de funcionamento terán os seguintes límites máximos:

1.º No primeiro ano de funcionamento, 90.000 euros, ou o importe proporcional ao número de días comprendido entre a data de recoñecemento e o final do exercicio orzamentario, no caso de que a organización solicitante opte por considerar como primeiro ano de funcionamento o do seu recoñecemento.

2.º Nos anos segundo, terceiro e cuarto, a axuda máxima será de 72.000 euros, 54.000 euros e 36.000 euros, respectivamente.

2. A subvención dos gastos de xerencia terá unha duración máxima de catro anos desde o comezo da actividade da organización interprofesional agroalimentaria solicitante, e establécense as contías e límites seguintes:

a) O importe da axuda poderá alcanzar ata o 100 por cento do orzamento presentado nos dous primeiros anos, o 80 por cento no terceiro e o 60 por cento no cuarto.

b) A contía máxima da subvención nos dous primeiros anos de actividade será de 36.000 euros por ano, no terceiro ano de 30.000 euros e no cuarto de 25.000 euros.

3. Para os efectos das subvencións establecidas no artigo 3.a) e b), as organizacións interprofesionais agroalimentarias poderán optar por considerar como primeiro ano de actividade o do seu recoñecemento ou o primeiro ano civil seguinte a aquel. As ditas axudas de gastos de funcionamento e de xerencia deberanse solicitar anualmente e de forma separada, sen que o outorgamento nun ano prexulgue a súa concesión en anos sucesivos.

4. As axudas para a realización de estudos relacionados coas finalidades das organizacións interprofesionais poderán alcanzar o 60 por cento do custo previsto, cun límite máximo de 45.000 euros por estudo.

5. Cada unha das accións previstas no artigo 3.c).1.º, 3.º e 4.º e d) poderán ser subvencionadas cun importe de ata o 60 por cento dos gastos orzados, cun límite máximo de 90.000 euros por acción.

6. Poderanse subvencionar anualmente, por cada organización interprofesional agroalimentaria, dúas campañas de información e promoción do produto ou sector ou de creación da súa imaxe externa e dos estudos relacionados coas súas finalidades.

7. Ningunha organización interprofesional agroalimentaria poderá obter máis de cinco axudas anuais para a realización das accións establecidas no artigo 3.c) e d).

8. As contías máximas das axudas ás organizacións interprofesionais agroalimentarias actualizaranse anualmente, a partir da convocatoria para o ano 2008, en función do índice de prezos de consumo (IPC) interanual na data do 31 de outubro do ano anterior. A actualización das contías máximas publicaráse na correspondente orde de convocatoria das subvencións.

9. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Artigo 5. *Incompatibilidade con outras axudas.*

As subvencións reguladas neste real decreto son incompatibles con calquera outra axuda do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para a realización da mesma actividade.

Artigo 6. *Solicitudes e prazos.*

1. As solicitudes dirixiranse ao ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e presentaranse no Rexistro xeral do departamento ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Formularase unha solicitude para cada axuda, cuberta segundo o modelo que se determine na correspondente convocatoria.

3. O prazo de presentación de solicitudes será o que se estableza na orde ministerial de convocatoria das subvencións.

Artigo 7. *Criterios de valoración.*

Para a concesión das subvencións teranse en conta os seguintes criterios de valoración:

a) Repercusión, relevancia e interese obxectivo da acción (ata dous puntos).

b) Calidade e viabilidade da actividade que se vai desenvolver (ata dous puntos).

c) Adecuación da metodoloxía e do plan de traballo aos obxectivos propostos (ata dous puntos).

d) Adecuación do orzamento presentado ás actividades previstas (ata dous puntos).

e) Estrutura e capacidade de xestión da organización solicitante (ata dous puntos).

f) Dilixencia e grao de cumprimento de compromisos anteriores, así como das obrigas de información recollidas na Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias, por parte dos solicitantes das axudas (ata dous puntos).

Artigo 8. *Procedemento de concesión.*

1. A instrución do procedemento será realizada pola Dirección Xeral de Industria Agroalimentaria e Alimentación, nos termos previstos nos artigos 22 e 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. A comprobación da existencia de datos non axustados á realidade, tanto na solicitude como na memoria ou na documentación achegada, poderá comportar, en función da súa importancia, a denegación da subvención solicitada, sen prexuízo de calquera outra responsabilidade que puidese derivar.

3. O exame e valoración das solicitudes levarao a cabo unha comisión de valoración constituída da seguinte forma:

a) Presidente: o director xeral de Industria Agroalimentaria e Alimentación, quen poderá delegar no vicepresidente.

b) Vicepresidente: o subdirector xeral de Relacións Interprofesionais.

c) Vogais: un funcionario da Subdirección Xeral de Relacións Interprofesionais, un funcionario da Subdirección Xeral de Calidade e Promoción Agroalimentaria, un funcionario da Subdirección Xeral de Comercialización Pesqueira e un funcionario en representación da Subsecretaría do departamento, con categoría, polo menos, de xefe de servizo.

d) Secretario: un funcionario da Subdirección Xeral de Relacións Interprofesionais, con voz e voto.

4. Tras o exame e avaliación das solicitudes polo órgano instrutor, a comisión de valoración, de acordo cos criterios previstos no artigo 7, emitirá o seu informe e concretará os resultados da avaliación. O órgano instrutor formulará a proposta de resolución provisional que lles notificará aos solicitantes incluídos na relación, coa contía proposta e coa concesión dun prazo de 10 días para presentar alegacións.

5. Tras o exame das alegacións, se é o caso, o órgano colexiado formulará a proposta de resolución definitiva, de conformidade co establecido nos artigos 22.1 e 24.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, que o instrutor lle elevará co seu informe ao titular do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, quen ditará por si ou por delegación a resolución que corresponda, de acordo coa Orde APA/1603/2005, do 17 de maio, de delegación de atribucións no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

6. A resolución notificaráselles aos interesados no prazo de 10 días a partir de que o acto fose ditado, conforme o disposto nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 9. *Duración do procedemento e efectos do silencio.*

O prazo máximo para tramitar o procedemento, así como para resolver e notificar a resolución, non poderá exceder os seis meses, contados a partir da data que se determine na convocatoria.

Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, poderase entender desestimada a solicitude, por silencio administrativo, sen prexuízo da obriga de ditar resolución expresa.

Artigo 10. *Obrigas dos beneficiarios.*

Os beneficiarios teñen as seguintes obrigas:

a) Cumprir, con carácter xeral, as obrigas que, para os beneficiarios de subvencións, establece o artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

b) Incorporar de forma visible no material de propaganda e publicidade das actividades e nas publicacións editadas o logotipo do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que permita identificar a orixe da subvención.

c) Informar a Dirección Xeral de Industria Agroalimentaria e Alimentación, con antelación suficiente, das datas de celebración de actos promocionais, presentacións, conferencias ou actos públicos en xeral, así como da distribución de publicacións, realizados con cargo ás subvencións concedidas, para a súa posible comprobación material.

d) Satisfacer os requisitos establecidos no artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no caso de que o gasto obxecto de subvención exceda os 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica.

Artigo 11. *Xustificación dos gastos e pagamento da subvención.*

1. Os beneficiarios deberán acreditar, con carácter previo ao pagamento, a realización das actividades e o importe dos gastos efectivamente realizados.

2. Os gastos anuais de funcionamento e de xerencia xustificaranse trimestralmente ao longo do mes seguinte ao trimestre natural de que se trate. A data de emisión das nóminas, facturas e demais xustificantes de gasto consti-

tuirá o criterio determinante para considerar se os gastos se realizaron no período obxecto de xustificación. A falta de xustificación nun trimestre suporá a perda do dereito ao aboamento da axuda no dito período. No suposto de que a notificación de concesión da subvención se efectúe unha vez finalizado un trimestre natural, a xustificación correspondente aos períodos trimestrais anteriores terá lugar no prazo dun mes a partir do día seguinte á recepción daquela.

3. As subvencións para o desenvolvemento das funcións das organizacións interprofesionais agroalimentarias e a execución de plans marco específicos, establecidas no artigo 3.c) e d), poderanse xustificar ata o día 15 de novembro do ano do seu outorgamento. A falta de xustificación no prazo sinalado dará lugar á perda do dereito a percibir o importe da subvención concedida.

4. A xustificación das subvencións terá lugar mediante a presentación da seguinte documentación:

a) Unha relación por duplicado dos gastos realizados, clasificados segundo as diversas epígrafes do orzamento presentado.

b) Orixinal e copia das facturas e dos documentos xustificativos dos gastos efectuados. Con carácter xeral, os gastos acreditaranse mediante facturas, que deberán cumprir os requisitos establecidos no Regulamento polo cal se regulan as obrigas de facturación, e se modifica o Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro. Serán admitidos os recibos expedidos por máquinas rexistradoras naqueles supostos previstos pola normativa vixente.

Os gastos de persoal xustificaranse mediante a correspondente nómina asinada polo destinatario. No primeiro período de xustificación achegarase, ademais, unha copia do contrato de traballo. No caso dos pagamentos á Seguridade Social presentaranse os respectivos documentos de cotización.

c) Os comprobantes orixinais e copias dos pagamentos das facturas e dos xustificantes de gasto. De conformidade co establecido no artigo 31.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

d) Un certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria e outro da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, acreditativos de atoparse ao día no cumprimento das súas obrigas fiscais e de Seguridade Social. Se non se achegasen estes certificados, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá solicitar a cesión dos correspondentes datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, ao abeiro do disposto no artigo 23.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

e) Dous exemplares dos estudos, publicacións ou material promocional editado.

5. Todos aqueles gastos cuxo importe exceda os 3.000 euros deberán ser pagados necesariamente a través da conta bancaria dada de alta na Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira pola organización interprofesional agroalimentaria beneficiaria da axuda.

6. Se os gastos efectivamente realizados fosen inferiores aos orzados inicialmente, procederase á redución proporcional da axuda, sempre que se alcansen os fins e obxectivos que presidiron a concesión da subvención. No caso das subvencións establecidas no artigo 3.c) e d), non se considerarán cumpridos os seus obxectivos se non se executa, como mínimo, o 60 por cento do orzamento previsto.

7. Unha vez xustificada adecuadamente, a xuízo do órgano concedente, a realización da actividade obxecto de subvención, procederase ao pagamento da axuda.

Artigo 12. *Modificación da resolución, incumprimento e reintegro.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións públicas ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O incumprimento total ou parcial dos requisitos establecidos neste real decreto e demais normas aplicables, así como as condicións que, se é o caso, se establezan na correspondente resolución de concesión, dará lugar á perda do dereito á subvención concedida e á obriga de reintegrar as cantidades xa percibidas, nas condicións previstas no título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 13. *Subcontratación.*

1. Os beneficiarios das axudas establecidas neste real decreto poderán subcontratar con terceiros a execución de ata o 100 por cento das accións que constitúen o obxecto da subvención, sempre que a súa natureza non o impida, de conformidade co artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Cando a actividade concertada con terceiros exceda o 20 por cento do importe da subvención e o dito importe sexa superior a 60.000 euros, deberase celebrar por escrito o correspondente contrato, logo de autorización da Secretaría Xeral de Agricultura e Alimentación.

Artigo 14. *Financiamento.*

1. O financiamento das axudas ás organizacións interprofesionais agroalimentarias efectuarase con cargo aos créditos do orzamento do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación en cada exercicio orzamentario.

2. Tanto a concesión da subvención como o seu pagamento quedan supeditados á existencia de crédito nas aplicacións orzamentarias correspondentes dos orzamentos xerais do Estado para cada exercicio económico.

Disposición adicional única. *Condición suspensiva.*

O pagamento das subvencións concedidas ao abeiro deste real decreto quedará condicionado á decisión positiva da Comisión Europea sobre a súa compatibilidade co mercado común, de acordo co establecido no artigo 88.3 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

Disposición transitoria primeira. *Gastos anuais de xerencia.*

As organizacións interprofesionais agroalimentarias recoñecidas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto poderán acceder á subvención dos gastos anuais de xerencia, establecidos no artigo 3.b), durante catro anos contados a partir da entrada en vigor da orde ministerial de convocatoria das axudas para o ano 2006.

Disposición transitoria segunda. *Expedientes iniciados antes da entrada en vigor deste real decreto.*

Todos aqueles expedientes de subvención iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto seguiranse rexendo, ata a súa finalización, polo Real decreto 1789/1997, do 1 de decembro, polo que se establecen axudas ás organizacións interprofesionais agroali-

mentarias, vixente no momento do inicio dos expedientes.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1789/1997, do 1 de decembro, polo que se establecen axudas ás organizacións interprofesionais agroalimentarias.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Normativa aplicable.*

En todo o non previsto neste real decreto será de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para que, no ámbito das súas competencias, dite cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto e, en particular, para modificar os límites e contías das axudas establecidas nel.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 13 de outubro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA

17763 *ORDE APA/3335/2005, do 26 de outubro, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul.* («BOE» 258, do 28-10-2005.)

A lingua azul ou febre catarral ovina é unha enfermidade incluída na lista do Código Zoonosario Internacional da Organización Mundial da Sanidade Animal. A súa propagación supón un risco para o gando e podería ter consecuencias moi desfavorables para os intercambios comerciais a nivel internacional. As medidas específicas de loita contra a enfermidade están reguladas polo Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul.

O 13 de outubro de 2004, o programa de vixilancia da lingua azul previsto no artigo 11.1.b) do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, puxo de manifesto a circulación do virus da lingua azul na Comunidade Autónoma de Andalucía. As medidas de protección no ámbito comunitario foron adoptadas mediante decisións da Comisión, sendo a última a Decisión 2005/393/CE, do 23 de maio de 2005, relativa ás zonas de protección e vixilancia en relación coa febre cata-